

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN A

2 Ás veces a min e aos meus compañeiros de profesión chámannos escritores periféricos, ou localistas,
 3 porque escribimos desde Galicia e en galego. Esquecen que un escritor nunca é periférico, que o centro do
 4 mundo sempre está na súa mesa de traballo. O proceso de creación non sabe de periferias. 'Se puede ser
 provinciano en el centro de Nueva York y universal en una aldea de los Andes', escribiu Octavio Paz.

6 Tentamos que os nosos textos cheguen todo o lonxe que a súa calidade llelo permita. Buscamos en
 7 primeiro lugar aos lectores do noso país; eles son os interlocutores privilexiados. Despois buscamos
 8 tamén esa periferia mundial que nos rodea.

8 Estamos afeitos a traballar en situacións adversas. Na historia da nosa literatura as liñas de resistencia
 9 veñen de lonxe. De Rosalía, rebelándose contra o feito de sentirse estranxeira na súa patria; de Curros,
 10 que denuncia a ameaza dos lobos e clama pola unión; de Cunqueiro, a soñar as mil primaveras para a
 lingua estigmatizada; de Celso Emilio, falándolle como un irmao a todos os desposuídos do mundo...

12 A nosa forma de participar na cultura da humanidade é desenvolvendo a cultura galega. Temos dentro
 13 de nós a materia que lle pode interesar a calquera persoa en calquera lugar do mundo. Só precisamos
 14 plasmala a través do proceso de creación. Para conseguilo, cómpre chantar os pés na nosa realidade e,
 15 coas raíces na terra, abrírnos a todos os ventos culturais do mundo. Porque aquí están as fábricas da
 16 imaxinación das que fala Manuel Rivas; delas poden saír creacións que tamén se lean en toda a periferia
 17 mundial. Obras cargadas de vida, obras cunha luz tan forte que sexa imposible de agochar. Un dos trazos
 18 máis significativos da cultura galega, que tan ben souberon expresar os membros da Xeración Nós, é a
 19 súa vocación de ser célula de universalidade, a súa vontade de ser unha peza máis, en pé de igualdade, no
 20 mosaico mundial das culturas: a súa conciencia de que só se pode ser universal desde as propias raíces.

Agustín Fernández Paz, Discurso nos Premios Xerais 2009 (fragmento)

1. Fai un breve resumo do texto. [1 punto]
2. Explica que quere dicir o autor cando afirma: *buscamos tamén esa periferia mundial que nos rodea* (líña 6-7) e [*Os membros da Xeración Nós tiñan*] *vocación de ser célula de universalidade* (l. 19). [1 punto]
3. Redacta un texto expoñendo de maneira argumentada o teu acordo ou desacordo coa idea que sostén Agustín Fernández Paz acerca da relación entre ter vontade de escritor universal e escribir nunha lingua minoritaria. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Repara na forma dialectal non-estándar *irmao* que o autor usa evocando un coñecido verso do poeta celanovés C.E. Ferreiro, propio do seu bloque dialectal de orixe: o galego central. Indica os principais fenómenos lingüísticos que permiten caracterizar os tres bloques lingüísticos do galego. [1 punto]
5. Constrúe cadansúa oración que, comezando sempre pola secuencia *Buscamos en primeiro lugar...*, conteña respectivamente: a) unha completiva de CD; b) unha concesiva; c) unha oración de relativo; d) unha causal que non vaia introducida por *porque*. [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
 - b) Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
 - b) A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN B

Nos últimos meses, os tambores de guerra, en Oriente Medio, non paran de soar. A verdade é que naquela rexión (parece unha maldición bíblica), a violencia, a morte e a tortura, forman parte da paisaxe. Acostumarse é o primeiro paso para desentenderse.

Palestina, eternamente violentada, soporta con cruel intensidade os ataques da aviación israelí, os asasinatos selectivos, a destrución de vivendas, o bloqueo, o acoso, a humillación constante, a morte ¡que espanto! de nenos e anciáns inocentes, cada día...

Siria, que soñou liberarse dun réxime ditatorial, sofre, en carne propia, as consecuencias dunha guerra civil non declarada. Logo dun ano de constante violencia, os mortos superan os 9.000.

Irán, a punto de converterse nunha teocracia nuclear, esperta en Israel, única potencia atómica na rexión, desexos irrefreables de intervención militar, con ou sen o apoio dos EE.UU. Todo parece indicar que a decisión está tomada. Bastaría escoller o día e a hora máis convenientes.

Por último, Afganistán e Iraq, lonxe de acadar a paz e a estabilidade prometidas polas forzas intervencionistas occidentais, logo de décadas de inxerencia militar, sofren a violencia sectaria, os atentados e o descontrol máis absoluto. A retirada dos exércitos de ocupación, cunha sensación de fracaso evidente, vai deixar aberta a porta a profundas convulsións internas.

Esta situación pode converterse nunha auténtica bomba incendiaria para a paz e a seguridade en todo o Mediterráneo. As Nacións Unidas vense cada día máis necesitadas dunha profunda reforma para facer realidade o fin para o que se crearon, “evitar aos nosos fillos o horror da guerra”. Corresponde á comunidade internacional recuperar o protagonismo. A cidadanía global, a sociedade civil, temos que interpelar con firmeza aos nosos respectivos gobernos, aínda que sexa por egoísmo lúcido, reclamando a resolución pacífica dos conflitos, a primacía da palabra fronte a violencia e o terror.

Manuel Dios, “Mañá sempre é demasiado tarde”, en *Praza pública* (21/03/2012)

1. Sinala a estrutura do texto, indicando os núcleos de contido de cada parte. [1 punto]
2. Indica o significado que teñen as seguintes frases no texto: *tambores de guerra* (líña 1), *teocracia nuclear* (l. 9), *violencia sectaria* (l. 13), *bomba incendiaria* (l. 16), *egoísmo lúcido*. (l. 20) [1 punto]
3. Redacta un texto expoñendo os motivos polos que, na túa opinión, á comunidade internacional lle resulta tan difícil evitar a ameaza da guerra. (Extensión aprox. 200-250 palabras). [3 puntos]
4. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras do texto: *meses*, *guerra*, *é* (líña 1), *réxime*, *sofre* (l. 7), *atómica* (l. 9), *todo* (l. 10), *escoller* (l. 11), *décadas* (l. 13), *vense* (l. 17). [1 punto]
5. Identifica a función sintáctica que desempeña cada unha das seguintes frases dentro da oración en que aparecen no texto: *o primeiro paso para entenderse* (líña 3), *eternamente violentada* (l. 4), *nunha teocracia nuclear* (l. 9), *aos nosos fillos* (l. 18), *aos nosos respectivos gobernos* (l. 20). [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
 - b) Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
 - b) A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN A

I	II
Vendéronlle os bois,	Cando ninguén os mira,
2 vendéronlle as vacas, o pote do caldo	18 vense rostros nubrados e sombrisos, homes qu'erran cal sombras voltexantes
4 e a manta da cama.	20 por veigas e campíos.
Vendéronlle o carro	Un, enriba dun cómaro
6 e as leiras que tiña; deixárono soio	22 séntase caviloso e pensativo; outro, ó pé dun carballo queda inmóbil,
8 coa roupa vestida.	24 coa vista levantada hacia o infinito.
–“María, eu son mozo,	Algún, cabo da fonte recrinado,
10 pedir non me é dado; eu vou polo mundo	26 parés que escoita atento o murmurío da augua que cai, e eisala xordamente
12 pra ver de ganalo.	28 tristísimos sospiros.
Galicia está probe,	¡Van a deixa-la patria!...
14 e á Habana me vou...	30 Forzoso, mais supremo sacrificio.
¡adiós, adiós, prendas	A miseria está negra en torno deles,
16 do meu corazón!”	32 ¡ai!, ¡e adiante está o abismo!.

Rosalía de Castro, “¡Pra a Habana!”, *Follas novas* (1880)

1. Fai un breve resumo do texto, indicando o contido de cada unha das dúas partes reproducidas do poema [1 punto]
2. Explica o sentido que teñen no texto os versos 31-32, que o pechan. [1 punto]
3. A emigración en Galicia, antes e agora. Constrúe un texto sobre o tema, comparando a situación que reflicte o poema de Rosalía coa que se dá hoxe. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. *Vendéronlle os bois* (verso 1) e *vense rostros nubrados e sombrisos* (verso 18) son dúas construcións de sentido impersoal. Indica por que o son e comenta as características de cada unha delas. [1 punto]
5. Rosalía emprega no texto formas que non se corresponden co estándar do galego actual. Indica das formas que se dan a seguir se son: a) estándar, b) castelanismos, c) dialectalismos ou d) formas populares non-estándar sen distribución dialectal: [1 punto]

<i>pra</i> (v. 12)	<i>probe</i> (v. 13)	<i>adiós</i> (v. 15)	<i>nubrados</i> (v. 18)	<i>sombrisos</i> (v. 18)
<i>hacia</i> (v. 24)	<i>parés</i> (v. 26)	<i>eisala</i> (v. 27)	<i>van a deixar</i> (v. 29)	<i>sacrificio</i> (v.30)
6. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
 - b) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo)
 - b) A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN B

A última tendencia no mundo da nova tecnoloxía (a tendencia que debes seguir se queres ser un moderno de verdade) é do máis retro. Os modernos que van á última ultimísima moda (eses que saben realmente o que se leva) están comezando a pasar dos seus smartphones para recuperar o teléfono móbil ladrillo de toda a vida.

Un pouco na liña dos namorados do pasado que fan quedadas para escribir a máquina, estes novos modernos pasan do iPhone 6, de Whatsapp, das apps que che axudan a facer o que sexa e pasan ata de Google Maps! Polo momento son moi poucos, pero xa teñen caras famosas entre os seus partidarios.

As razóns para este cambio son variadas. Falan dos prezos (quita a tarifa de datos e verás como baixa a factura), dos problemas que eliminan con baterías que non morren cada cinco minutos e de que en realidade só precisan de chamadas e SMS para xestionar as súas comunicacións diarias. Pero, por outra banda, os entrevistados acaban falando de liberdade. Como di unha destas modernas, está ben descubrir un restaurante por casualidade e non porque cho recomendaron en Yelp. Os móbiles intelixentes acabaron matando a pouca aventura que podíamos ter na vida cotiá.

Librarse do smartphone é tamén librarse do mail que chega en todo momento e permite gañar polo menos en tranquilidade. E a iso súmaselle ademais a preocupación pola privacidade. A medida que os consumidores están cada vez máis tempo online, os seus terminais saben máis de todos eles do que saben os seus pais. Cun terminal 'parvo' non é que quedes realmente á marxe de todo iso, pero polo menos teñen moito máis complicado usalo para venderche publicidade.

Polo de agora o movemento é pequeno, pero todos sabemos o que acaba acontecendo coas cousas así. Será a vida sen smartphone a nova moda slow do futuro inmediato?

Raquel C. Pico, en *Disquecool* (06/10/2014)

1. Elabora un esquema coa estrutura do texto. [1 punto]
2. Explica o significado que teñen no texto as seguintes palabras e as metáforas en que se basean eses significados: *ladrillo* (liña 4), *morren* (liña 9), *librarse* (liña 14), *parvo* (liña 17). [1 punto]
3. Expón de maneira argumentada o teu acordo ou desacordo coas ideas do texto e responde a pregunta final con que remata. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras: *debes* (liña 1), *moderno* (l. 2), *moda* (l. 2), *teléfono* (l. 3), *móbil* (l. 3), *agora* (l. 19). [1 punto]
5. Sinala o rexistro lingüístico en que está escrito texto. Xustifica a resposta identificando os trazos característicos dese rexistro que atopes no texto. [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
 - b) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo)
 - b) A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN A

Pregunta 1: 1 punto

Avaliase a capacidade do/a alumno/a para identificar as ideas esenciais do texto e para expresalas de maneira sintética, empregando as súa propias palabras.

Pregunta 2: 1 punto

Avaliase a capacidade para comprender o sentido que teñen os dous fragmentos no texto. Asígnase 0,5 puntos pola correcta interpretación de cada un deles.

-1º fragmento: Espérase que se perciba a idea da literatura en galego como *centro* creativo para os/as escritores/as galegos/as, a partir do cal estes aspiran a chegar tamén ao lectorado de todo o mundo (a *periferia mundial*).

-2º fragmento: Espérase que se perciba a idea da cultura galega como manifestación da cultura universal, como peza do mosaico mundial de culturas.

Pregunta 3: 3 puntos

Valórase a capacidade para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado, adecuado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente. Os 3 puntos desagregaranse en tres tramos de 1 punto cada un, do seguinte xeito:

1) Construción textual: 1 punto. Valorarase: 1.a) A adecuada selección da información, coa presenza da información pertinente e necesaria para que o texto sexa cabalmente comprendido, evitando tanto a súa excesiva previsibilidade (clixés, estereotipos, lugares comúns) como a “orixinalidade” gratuíta. 1.b) A coherencia discursiva: a sucesión de enunciados do texto debe presentar asemade continuidade temática e progresión informativa, e non introducir contradicións. 1.c) A organización da información: estruturación do texto (e.g., introdución, desenvolvemento, conclusións), argumentación, organización en parágrafos.

2) Adecuación léxico-gramatical: 1 punto. Valorarase a capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Requírese un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto nas escollos lexicais como no emprego das construcións gramaticais. Deben evitarse tanto os trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados como os que amosan un requintamento afectado. Bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais como léxicos.

3) Corrección ortográfica e gramatical: 1 punto. Valorarase o correcto dominio da ortografía, dos signos de puntuación e da gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollos morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar.

No caso de textos cunha extensión *manifestamente* menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación consonte os criterios expostos, esta circunstancia dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta.

Pregunta 4: 1 punto

Agárdase que o/a alumno/a sexa quen de identificar os tres bloques dialectais do galego (occidental, central e oriental) e caracterizalos cos seus trazos lingüísticos máis representativos. Outórgase 0'10 puntos pola identificación dos tres bloques e 0'30 pola axeitada caracterización de cada un deles. Na caracterización asignarase a máxima cualificación cando se acheguen tres ou máis fenómenos que caractericen cada un dos bloques. Con só dous, 0'20 por bloque. Con só un 0'10.

Pregunta 5: 1 punto

Outórganse 0'25 puntos por cada oración ben construída coas características requiridas.

Pregunta 6: 1 punto

Agárdase unha resposta concisa e asemade completa, acorde coa propia puntuación da pregunta e co tempo de que se dispón para o exame. Valorarase a adecuada selección e presentación da información máis relevante sobre o tema escollido, evitando as divagacións e as xeneralidades pouco informativas. A pesar de que se trate dunha pregunta formulada sobre un repertorio pechado e previamente establecido, valorarase tamén a produción dun texto persoal e non dunha reprodución puramente memorística.

Criterios de Avaliación / Corrección

Pregunta 7: 2 puntos

Valorarase a adecuada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- Información sobre o contexto: acontecementos históricos, grupos, influencias, iniciativas, tendencias...
- Información acerca dos principais autores dun período ou corrente. Esta información non só debe facer referencia ás principais obras senón tamén aos trazos que caracterizan cada un dos autores.
- Información acerca do que un grupo, autor ou época supuxeron na historia da literatura galega.

Non se considerarán correctas respostas que consistan nunha mera listaxe de autores e obras. A pesar de que se trate dunha pregunta formulada sobre un repertorio pechado e previamente establecido, valorarase tamén a produción dun texto persoal e non dunha reprodución puramente memorística.

OPCIÓN B

Pregunta 1: 1 punto

Avaliase a capacidade de comprensión analítica do texto por parte do/a alumno/a a través da identificación das ideas que expresa e da súa organización xerárquica. Non son válidas as respostas que non reflectan a estrutura textual (p. ex., os resumos).

Pregunta 2: 1 punto

Valórase que o/a alumno/a coñeza o significado que teñen no texto as expresións indicadas, identificando o sentido metafórico que algunhas encerran, e que sexa quen de expresalo. Por cada frase ben explicada concederanse 0'20 puntos.

Pregunta 3: 3 puntos

Aplícanse os criterios expostos na mesma pregunta da opción 1

Pregunta 4: 1 punto

Restarase 0'15 puntos por cada vogal mal identificada, excepto o primeiro erro, que non se penalizará. É dicir: 0 ou 1 fallo = 1 punto / 2 fallos = 0'85 / 3 fallos = 0'70 / 4 fallos = 0'55 / 5 fallos = 0'40 / 6 fallos = 0'25 / 7 fallos = 0'15 / 8 ou máis fallos = 0 puntos.

— Tónicas abertas: *guerra, é, réxime, sofre, atómica décadas.* — Tónicas pechadas: *meses, todo, escoller, vense.*

Pregunta 5: 1 punto

Outórganse 0'20 puntos por cada función sintáctica ben identificada. Admítense as diversas terminoloxías habitualmente empregadas, sempre que se usen de xeito coherente.

- | | |
|--------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------|
| - o primeiro paso para (des)entenderse | Atributo ou predicado nominal [non se acepta SU] |
| - (Palestina,) eternamente violentada, (soporta) | Complemento predicativo (de SU) [tamén se acepta Modif. de Palestina; |
| | non se acepta CIRC de |
| Modo] | |
| - (converterse) nunha teocracia nuclear | Complemento/obxecto preposicional (de réxime) |
| / suplemento | |
| - (evitar) aos nosos fillos (o horror da guerra) | Complemento (ou Obxecto) Indirecto |
| - (interpelar) aos nosos gobernos | Complemento (ou Obxecto) Directo |

Pregunta 6: 1 punto

Vid. opción 1

Pregunta 7: 2 puntos

Vid. opción 1

Criterios de Avaliación / Corrección

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA (opcións A e B)

En ambas as opcións, ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un **máximo de 2 puntos por erros**. Estes poderán ser:

- Moi graves*: Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...). Desconto 0'2 puntos c/u.
- Graves*: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y*), acentuación diacrítica... Desconto 0'1 c/u.
- Leves*: Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Desconto 0'05 puntos c/u.

Estas penalizacións **non se aplicarán sobre a pregunta 3**, pois xa van incluídas na propia valoración da pregunta.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN A

Pregunta 1: 1 punto

Avalíase a capacidade do/a alumno/a para identificar as ideas esenciais do texto e para expresalas de maneira sintética, empregando as súas propias palabras.

Pregunta 2: 1 punto

Avalíase a capacidade para comprender o sentido que teñen os dous versos no texto, como colofón del. Agárdase que interpreten coas súas propias palabras a contraposición 'miseria negra arredor / abismo diante'.

Pregunta 3: 3 puntos

Valórase a capacidade para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado, adecuado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente. Os 3 puntos desagregaranse en tres tramos de 1 punto cada un, do seguinte xeito:

1) Construción textual: 1 punto. Valorarase: 1.a) A adecuada selección da información, coa presenza da información pertinente e necesaria para que o texto sexa cabalmente comprendido, evitando tanto a súa excesiva previsibilidade (clixés, estereotipos, lugares comúns) como a "orixinalidade" gratuíta. 1.b) A coherencia discursiva: a sucesión de enunciados do texto debe presentar asemade continuidade temática e progresión informativa, e non introducir contradicións. 1.c) A organización da información: estruturación do texto (e.g., introdución, desenvolvemento, conclusións), argumentación, organización en parágrafos.

2) Adecuación léxico-gramatical: 1 punto. Valorarase a capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Requírese un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto nas escollas lexicais como no emprego das construcións gramaticais. Deben evitarse tanto os trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados como os que amosan un requintamento afectado. Bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais como léxicos.

3) Corrección ortográfica e gramatical: 1 punto. Valorarase o correcto dominio da ortografía, dos signos de puntuación e da gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollas morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar. No caso de textos cunha extensión manifestamente menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación consonte os criterios expostos, esta circunstancia dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta. Non se considerarán os textos (ou partes deles) que carezan da necesaria pertinencia con relación ao tema proposto.

Pregunta 4: 1 punto

Agárdase unha xustificación razoada de por que ambas as construcións son impersoais, baseada na caracterización semántica (interpretación xenérica ou indeterminada do axente) e formal (P6 inespecífica

Criterios de Avaliación / Corrección

vs. se impersoal / pasiva reflexa) de cada unha delas. Non se esixe unha terminoloxía técnica específica e rigorosa. Asígnase 0'5 puntos por cada construción ben xustificada

Pregunta 5: 1 punto

Outórganse 0'10 puntos por cada forma ben clasificada nas catro categorías propostas: a = nubrados, sacrificio; b = adiós, hacia, van a deixar; c = sombrisos, parés; d = pra, probe, eisala.

Pregunta 6: 1 punto

Agárdase unha resposta concisa e asemade completa, acorde coa propia puntuación da pregunta e co tempo de que se dispón para o exame. Valorarase a adecuada selección e presentación da información máis relevante sobre o tema escollido, evitando as divagacións e as xeneralidades pouco informativas. A pesar de que se trate dunha pregunta formulada sobre un repertorio pechado e previamente establecido, valorarase tamén a produción dun texto persoal e non dunha reprodución puramente memorística.

Pregunta 7: 2 puntos

Valorarase a adecuada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- Información sobre o contexto: acontecementos históricos, grupos, influencias, iniciativas, tendencias...
- Información acerca dos principais autores dun período ou corrente. Esta información non só debe facer referencia ás principais obras senón tamén aos trazos que caracterizan cada un dos autores.
- Información acerca do que un grupo, autor ou época supuxeron na historia da literatura galega.

Non se considerarán correctas respostas que consistan nunha mera listaxe de autores e obras. A pesar de que se trate dunha pregunta formulada sobre un repertorio pechado e previamente establecido, valorarase tamén a produción dun texto persoal e non dunha reprodución puramente memorística.

OPCIÓN B

Pregunta 1: 1 punto

Avaliase a capacidade de comprensión analítica do texto. Agárdase a elaboración dun esquema coas ideas que articulan o texto e a súa organización xerárquica. Considérase correcto que a resposta inclúa a identificación das partes do texto, sempre que: a) estea organizada en forma de esquema e b) enuncie as ideas clave de cada parte e a súa xerarquía.

Pregunta 2: 1 punto

Avaliase o coñecemento do significado (metafórico) destas palabras no contexto en que se usan e a capacidade para explicalo. Asígnase 0'25 puntos por cada palabra co significado ben explicado e a identificación da metáfora en que se basea. Se non inclúe referencia explícita a esa metáfora, máx. 0'20 puntos. Non se esixe unha definición lexicográfica rigorosa, mais non será válida a resposta cando só conteña sinónimos ou a tradución a outra lingua

Pregunta 3: 3 puntos

Aplícanse os criterios expostos na mesma pregunta da opción 1

Pregunta 4: 1 punto

Restarase 0'25 puntos por cada vogal mal identificada, excepto o primeiro erro, que non se penalizará. É dicir: 1 fallo = 1 punto / 2 fallos = 0'75 / 3 fallos = 0'50 / 4 fallos = 0'25 / 5 ou 6 fallos = 0 puntos.

— Tónicas abertas: moderno, moda, teléfono, móbil. — Tónicas pechadas: debes, agora.

Pregunta 5: 1 punto

Espérase que o/a alumno/a perciba e argumente que o texto se corresponde a un rexistro pouco formal (pode chamalo informal, coloquial ou termos similares). A argumentación debe apoiarse en elementos do propio texto [P.ex.: uso da P2 para implicar o lector (non é que quedes á marxe de todo pero téñeno máis complicado para venderche publicidade), enfatizacións do tipo última ultimísima; do máis retro...; léxico coloquial: pasar de, morrer (as baterías), teléfonos ladrillo...]. Se non se apoian en elementos do texto,

Criterios de Avaliación / Corrección

máx. 0'5 puntos. Para obter a puntuación máxima a resposta debe incluír polo menos dous ítems concretos e, sobre todo, unha argumentación axeitada.

Pregunta 6: 1 punto

Vid. opción 1

Pregunta 7: 2 puntos

Vid. opción 1

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA (opcións A e B)

En ambas as opcións, ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un máximo de 2 puntos por erros. Estes poderán ser:

—Moi graves: Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...). Desconto 0'2 puntos c/u.

—Graves: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica... Desconto 0'1 c/u.

—Leves: Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Desconto 0'05 puntos c/u.

Estas penalizacións non se aplicarán sobre a pregunta 3, pois xa van incluídas na propia valoración da pregunta.